



## **BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 6 POSTOS DE SOCORRISTAS DE ESPAZOS NATURAIS PARA A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR AMPLIABLE ATA 15 POSTOS**

### **BASE 1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de concurso-oposición, de SEIS postos de traballo de SOCORRISTAS DE ESPAZOS NATURAIS ampliable ata QUINCE POSTOS segundo dispoñibilidade orzamentaria para o obxecto de garantir a seguridade nas praias dos Concellos de Baiona e Nigrán a través das labores de salvamento e socorrismo para a execución da obra o servizo <<Lifeguard: Servizo de salvamento e socorrismo nas praias da mancomunidade>>.

### **BASE 2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN.**

**Duración do contrato:** dous meses dende a sinatura dos contrato

**Xornada de traballo:** 37,5 horas semanais de luns a domingo, co goce dos descansos legalmente establecidos. As persoas contratadas estarán obrigadas a presta-la súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou fraccionando a xornada se fora preciso, e de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

**Modalidade de contratación:** obra ou servizo “Lifeguard: Servizo de salvamento e socorrismo nas praias da mancomunidade”, prevista no art. 15 a) do Estatuto dos Traballadores.

### **BASE 3ª.- RETRIBUCIÓN.**

A retribución será de **1.161,34 €/brutos** ao mes, importe que inclúe a parte proporcional de pagas extras correspondentes, de conformidade coas retribucións recollidas no III Convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia 2016-2018 (*DOG nº 25 de 6 de febreiro de 2017*), correspondendo aos socorristas a correspondente ao Grupo IV, nivel 1, e CNAE H.

### **BASE 4ª.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES.**

Para tomar parte neste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser de nacionalidade española. As persoas nacionais doutros estados da Unión Europea poderán acceder ao posto de traballo consonte o disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico da Función Pública.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.



c) Cumprir co disposto no Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. A ditos efectos deberán presentar:

1. Copia cotexada da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos de Galicia.
  2. Titulación de socorrista acuático impartido pola AGASP con un mínimo acreditado de 80 horas de formación, ou estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de formación en materia de socorrismo impartido por universidades, federacións deportivas de salvamento e socorrismo, Cruz Vermella ou outras entidades con experiencia na formación de socorristas, sempre que o devandito curso obteña a homologación da AGASP, ou ben estar en posesión dun diploma que acredite a superación con avaliación positiva do Curso de formación profesional para o emprego de socorrista acuático (AFDB10, de 240 horas), expedido por una Administración pública competente en materia de formación profesional para o emprego; Título de Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), establecido no anexo VI e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda; Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), establecido no anexo VI e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda do Decreto 35/2017, do 30 de marzo.
- d) A solicitude de inscrición e titulación de socorrista acuático poden ser substituídos pola presentación do carné de socorrista en espazos acuáticos naturais emitido de acordo co Decreto 104/2012, modificado polo Decreto 35/2017, do 30 de marzo.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo ao que se opta.
- f) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- g) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza xudicial firme para o exercicio das funcións públicas.

#### **BASE 5ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Presidente da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da MVM sito na rúa Ventura Misa nº 19, Baiona e publicado na páxina web do Concello de Baiona no prazo será de **5 días naturais**, contados a partir do seguinte ao de



publicación do correspondente anuncio no diario de maior difusión, en horario de 09:00 a 14:00 horas. Na solicitude farase constar de forma expresa que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Cuarta desta convocatoria.

Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, a persoa aspirante deberá dirixir por Fax, ao 986/357474 unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo, para os efectos de que poida ser incluída na relación de persoas admitidas, de forma que de non achegar a solicitude por fax non se admitirá en ningún caso a solicitude.

#### **Documentación a presentar xunto coa solicitude:**

##### **Requisitos**

- a) Fotocopia compulsada do DNI (requisitos)
- b) Fotocopia compulsada da titulación requirida.
- c) Xustificante de haber solicitado a inscrición no Rexistro profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, ou a inscrición propiamente dita, naqueles casos nos que xa se houbera obtido.
- d) Certificado Médico Oficial ou informe de saúde (orixinal) acreditativo de que a persoa candidata non padecen ningunha enfermidade ou defecto físico ou psíquico, que impida o exercicio das funcións propias do posto.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

#### **BASE 6ª.- ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia ditará Resolución aprobando a listaxe de persoas aspirantes admitidas e excluídas (neste segundo caso con indicación das causas que deran lugar á exclusión), que se fará pública, exclusivamente, no Taboleiro de Anuncios da Mancomunidad, sita na súa sede, na rúa Ventura Misa nº 19, Baiona; ou na páxina web do concello de Baiona [www.baiona.org](http://www.baiona.org).

A inclusión das persoas aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Local de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 10ª.

Concederase un prazo de dous días para a emenda de erros, do xeito establecido no artigo 68 da Lei 39/2015.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Presidencia.

#### **BASE 7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**



O Tribunal Cualificador que xulgará o proceso selectivos estará integrado de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o **Texto Refundido da lei do Estatuto básico do empregado público** do seguinte xeito:

Presidente: Unha persoa traballadora dun dos concellos da Mancomunidade.  
Secretaria: A secretaria da Mancomunidade do Val Miñor ou funcionario en quen delegue.  
Vogais: 1º Vogal.- Unha persoa funcionaria ou traballadora do concello de Nigran.  
2º Vogal.- Unha persoa funcionaria ou traballadora do concello de Baiona.  
3º Vogal.- Unha persoa funcionaria ou traballadora do concello de Gondomar.

Para a asistencia do Tribunal nomearase unha persoa especialista en materia de socorrismo. As persoas integrantes do Tribunal as designará a Presidencia da Mancomunidade, e a súa composición farase pública na mesma Resolución pola que se aproba a lista de aspirantes admitidos e excluídos.

Tódolos vogais do Tribunal Cualificador deberán ter nivel de titulación académica ou de especialización profesional igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas obxecto desta convocatoria.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, citada, ou cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia da persoa titular da Presidencia e da Secretaría. O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

#### **BASE 8ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

Na mesma Resolución pola que se aprobe a listaxe de persoas aspirantes admitidos e excluídos e se faga pública a constitución do Tribunal Cualificador, sinalarase o lugar, data e hora para o inicio do proceso selectivo.

O proceso de selección (**CONCURSO-OPOSICIÓN**) constará dos seguintes exercicios:

**A. Fase A.- Oposición.- Puntuación máxima 7 puntos. Consistirá na realización de dous exercicios que se realizarán no mesmo día.**



**a. Primeira proba de carácter obrigatoria e eliminatória: puntuación máxima 4 puntos**

A proba consistirá en correr pola praia Barbeira unha distancia de 100 metros para posteriormente entrar na auga con aletas e floppy de rescate, nadar estilo libre ata chegar a baliza fondeada, bordeala e regresar á praia en simulación de remolque. Unha vez na praia deberán correr pola area ata as balizas do posto de salvamento. O tribunal queda facultado para determina-la posición e percorrido da proba e asemade as normas para o seu desenvolvemento en función do estado do mar e do tempo.

A cualificación de apto na proba e a súa valoración está determinada pola realización da proba no tempo máximo que en función das condicións meteorolóxicas determine o tribunal. A proba valorarase de **0 a 4 puntos**, obtendo 4 puntos o aspirante que realice o mellor tempo, sempre que se obteña a cualificación de apto. E puntuándose os restantes aspirantes en función a unha táboa de puntuacións resultante de fraccionar o período de tempo existente entre o empregado polo mellor aspirante e un tempo máximo establecido polo tribunal, de tal maneira que se puntúe en fraccións de 0,1 puntos. Quedando eliminado o aspirante que non realice a proba nun tempo menor o establecido como máximo polo tribunal.

As persoas aspirantes deberan vir provistas das súas propias aletas.

**b. Segunda proba de carácter obrigatorio. Puntuación máxima 3 puntos.**

Para aquelas persoas aspirantes que superaran a proba práctica coa cualificación de apto. Realizarase a continuación da proba física, e consistirá en contestar por escrito, no tempo máximo de trinta minutos, un cuestionario de 20 preguntas tipo test con 4 respostas alternativas das que só unha será a correcta, de acordo co Programa que figura no Anexo I desta convocatoria. Este exercicio é eliminatorio, e valorarase ata o máximo de 2 puntos, sendo excluídos os participantes que non acaden o mínimo de 1 punto.

**B. Fase B.- Concurso.-Puntuación máxima 3 puntos.**

**1. Experiencia profesional: máximo 1,4 puntos**

- Experiencia como socorrista náutico en espazos naturais para administracións públicas: 0,10 por mes.
- Experiencia como socorrista náutico en espazos naturais para entidades de carácter privado relacionadas con dita actividade profesional: 0,05 por mes.

A experiencia acreditarase co certificado da Administración Pública onde prestou os servizos e no caso de entidades privadas mediante a vida laboral xunto o contrato de traballo/certificado de empresa ou nóminas nos que se especifique claramente o posto de traballo ocupado e a duración de ditas contratacións, non computándose os méritos que non estean debidamente xustificadas

**2. Formación en cursos relacionados co posto de traballo: máximo 1,4 puntos:**

**Cursos impartidos polas Administracións Públicas**, universidades e Cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua das administracións públicas dentro da súa



labor de formación e capacitación permanente de persoal e cursos impartidos polos colexios profesionais e sindicatos que teñan relación coas funcións do posto (cursos de Formación básica en protección civil, primeiros auxilios, actualización en primeiros auxilios, socorrismo en instalacións acuáticas, o calquera outros de análoga natureza que acrediten a suficiencia necesaria para o desempeño das funcións do posto de traballo).

- De 20 a 40 h: 0,20 puntos por curso.
- De 41 a 60 h: 0,30 puntos por curso.
- De 61 a 100 h: 0,40 puntos por curso.
- De 101 a 200 h: 0,50 puntos por curso.
- Máis de 200 horas: 0,80 puntos por curso.

**Cursos impartidos por Entidades Privadas** (Empresas de Formación, Asociacións de carácter privado ou similares (cursos de Formación básica en protección civil, primeiros auxilios, actualización en primeiros auxilios, socorrismo en instalacións acuáticas, ou calquera outro de análoga natureza que acrediten a suficiencia necesaria para o desempeño das funcións do posto de traballo)

- De 20 a 40 h: 0,10 puntos por curso.
- De 41 a 60 h: 0,20 puntos por curso.
- De 61 a 100 h: 0,30 puntos por curso.
- De 101 a 200 h: 0,40 puntos por curso.
- Máis de 200 horas: 0,70 puntos por curso.

Non se puntuarán os cursos dunha carga lectiva inferior á establecida ou aqueles que non teñan debidamente acreditada a súa carga lectiva nos propios diplomas ou en disposición legal ou regulamentaria oficial. Asemade tampouco se puntuarán a asistencia a xornadas, congresos ou seminarios.

### **3. Permisos para o goberno de embarcacións: máximo 0,20 puntos.**

- Título o autorización náutica de patrón de embarcacións
  - a) Patrón de Navegación Básica: 0,10 puntos
  - b) Patrón de Embarcacións de Recreo (PER) ou superior: 0,20 puntos

### **BASE 9ª.- PROPOSTA DE APROBADOS.**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello [www.baiona.org](http://www.baiona.org) a relación das persoas aspirantes aprobadas por orde da puntuación total final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso máis na fase de oposición), coa súa especificación, e elevará a correspondente proposta de nomeamento ao órgano correspondente.

O Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas.



Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total logo do concurso e proceso selectivo, propoñendo ó Sr. Alcalde para a súa contratación a persoa que encabece a devandita lista. E posteriormente serán citados polo Alcalde para formaliza-lo oportuno contrato laboral.

#### **BASE 10ª.- SUBSTITUCIÓNS PARA O CASO DE SE PRODUCIR VACANTES.**

Dado que prevese a ampliación da partida presupostaria ao obxecto de seleccionar 15 socorristas e no caso de que algunha das prazas contratadas en réxime de libre concorrència ao abeiro da obra ou servizo <<Lifeguard: Servizo de salvamento e socorrismo nas praias da mancomunidade>> quedase definitivamente vacante ou por algunha circunstancia, así como para substitucións temporais con reserva de praza dentro deste Servizo, o Órgano competente desta Mancomunidade de Concellos poderá outorgar nomeamento de contratación a favor dos aspirantes que superaron tódalas fases deste proceso selectivo, de maneira consecutiva e por estrita orde correlativa de puntuación total final, do xeito en que figure na lista definitiva de aspirantes aprobados a que se fai referencia na Base 9ª.

En razón da urxencia das substitucións, queda facultada a Presidencia para realiza-los nomeamentos temporais a que se refire esta Base.

#### **BASE 11ª.- NORMAS FINAIS.**

Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto básico do empregado público, Lei reguladora das bases do réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, no Real decreto 896/1991 (sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local), no Regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no Real decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado).

#### **ANEXO: TEMARIO**

##### **Temario Primeiros Auxilios:**

Tema 1: Pautas xerais ante un accidentado.

Tema 2: Valoración dun accidentado.

Tema 3: Reanimación cardio-pulmonar.

Tema 4: Hemorraxias.

Tema 5: Feridas.

Tema 6: Trastornos pola calor.

Tema 7: Lesións e trastornos polo frío.

Tema 8: Intoxicacións pola vía dixestiva.



- Tema 9: Picaduras e mordeduras.
- Tema 10: Intoxicacións por drogas.
- Tema 11: Asfixias.

**Temario Salvamento Acuático:**

- Tema 1: Principios xerais do salvamento acuático.
- Tema 2: Secuencia de actuación no salvamento acuático.
- Tema 3: Técnicas de entrada na auga.
- Tema 4: Flotacións:
- Tema 5: Técnicas de nado adaptadas.
- Tema 6: O mergullo.
- Tema 7: Técnicas de respiración artificial no medio acuático.
- Tema 8: Técnicas de extracción de accidentados.
- Tema 9: O salvamento acuático en espazos naturais

Baiona, 21 de xuño de 2018.

  
O PRESIDENTE,

Juan Francisco Ferreira González.





**INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE 6 POSTOS DE TRABALLO DE SOCORRISTAS NÁUTICOS PARA A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR, AMPLIABLE ATA 15 POSTOS**

NOME.....APELIDOS.....  
NIF....., Rúa .....nº .....  
piso..... letra....., Parroquia.....  
Concello..... Teléfono Fixo .....  
Teléfono móbil..... Correo electrónico.....

Por medio da presente instancia declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública e asemade que cumpre todos e cada un dos requisitos da Base 4ª que regulan o presente proceso selectivo.

Así mesmo, acepta e acta todas e cada unha das Bases da convocatoria.

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO A PRESENTE SOLICITUDE**

- A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada da titulación requirida.
- Xustificante de haber solicitado a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, ou a inscrición propiamente dita, no caso de habela obtido.
- Certificado médico oficial ou informe de saúde acreditativo de non padecer ningunha enfermidade ou defecto físico ou psíquico, que impida o exercicio das funcións propias do posto.
- Vida Laboral actualizada.
- Certificado de servizos prestados polo órgano competente da administración pública no caso de haber prestado servizos na mesma nos postos de traballo ofertados e copia compulsada dos contratos ou certificados de empresa que acrediten o desempeño de tarefas nos postos de traballo ofertados no caso de que ditos servizos se realizaran en entidades privadas.
- Fotocopia compulsada dos méritos alegados na fase de concurso.

Baiona, de de 2018.  
Asdo.

A persoa solicitante \_\_\_\_\_

SR. PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DE VAL MIÑOR.

